



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de outubro de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día dezaioito de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(842).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(843).- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2025. EXPTE. 90/142.

Visto o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda e o informe de fiscalización, asinados polo interventor xeral, ambos do 18/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo director superior contable e orzamentario e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O Proxecto de Orzamentos do ano 2025, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAFP para o período 2025-2027, aprobados por Resolución da Alcaldía de 07/03/2023, asinados pola Intervención en data 25/03/2024, enviados ao MINHAFP nº rexistro REGAGE24e00022437059 dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 29 de abril de 2024, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2025.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2025, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 20/08/2024, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública o 29/08/2024, nº de Rexistro REGAGE24e00064109093, das que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2024.

Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 25/06/2024.

Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 05/07/2024.

Polo tanto, o criterio xeral de formación do Proxecto Orzamentario está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, e as liñas fundamentais, tamén á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como o contido do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento do ano 2025, coas variacións que a teor da normativa vixente en cada momento, fóronse axustando segundo se fai constar no informe económico de gastos e na memoria orzamentaria, basicamente, as diferencias teñen causa en distintos acordos ou comunicación, basicamente en:

a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

b) os convenios coa Excma. Deputación de Pontevedra relativo á Humanización da Rúa San Roque, Gregorio Espino – Ruiseñor, Vigo Vertical, J. Ramón JIMENEZ Jacinto Benavente-Torrecedeira, Vigo Vertical, ramplas de P. Colmeiro-Cunqueiro Tarragona, o Convenio da construción da Grada de Gol, e c) as achegas ao Plan de Sostibilidade Turística de Bouzas e do Paseo Granada de FMRR, tramitado pola Xunta de Galicia, así como a achega para a construción das vivendas en Esturáns.

Regras Fiscais, *obxectivos previstos para o ano 2025.*

Estabilidade Orzamentaria

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos das regras fiscais, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/204, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Subsector local	0,00%	0,00%	0,00%

Non aplicable a esta data

Regra de gasto

En canto ao teito de gasto, a evolución do mesmo será a recomendación da Comisión Europea a España, pola cal se pide que sexa do 2,6% do PIB como máximo para o ano 2024 e do 2,7% para o ano 2025.

A base de cálculo para a formación do Orzamento do ano 2025, é a Liquidación prevista para o ano 2024.

A variación do gasto computable para todas as AAPP non poderá superar as taxas de referencia do PIB.

	2024	2025	2026
Regra de gasto para o conxunto das AAPP	2,60%	2,70%	2,80%

Senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAPP	3,20%	3,30%	3,40%

Non aplicable a esta data

Endebedamento

Este é o principal obxectivo da Comisión, o control do endebedamento. O artigo 13 da LOEPSF, fixa o límite global da débeda do conxunto das AAPP no 60% do PIB, repartido entre os distintos subsectores: 44% Administración Central, 13% CCAA e 3% para o conxunto das entidades locais.

Ao peche do ano 2023, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 107,7%, do que, o 22,2% corresponde ás CCAA e o 1,56% ás EELL, polo que se da cumprimento ao previsto no artigo 13 da LOEPSF.

Obxectivo

	2024	2025	2026
Sector público			
Subsector local	1,40%	1,30%	1,30%
Conxunto das AAPP	106,30%	105,40%	104,40%
Débeda segundo o Protocolo de Déficit Excesivo, % do PIB			



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

Senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%

Non aplicable a esta data

Proxecto orzamentario que se presenta

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos e ingresos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, as de emprego, educativas, culturais e deportivas, tiveron crecementos importantes.

En relación ao estado de ingresos

En relación coa variación pola cesión de Tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE), a esta data a información publicada polo Ministerio de Hacienda en relación coas entregas a conta previstas para o ano 2025, e serán as seguintes:

Con data 15/07/2024, a Ministra de Facenda informou que as EE.LL no ano 2025, recibirán polas entregas a conta un 13,1% máis que as entregas do ano 2024, que xa foron regularizadas e que se están ingresando nas entregas de setembro a decembro do ano 2024 polas diferenzas entre xaneiro e decembro.

Neste incremento do 13,1% non se está a computar a Liquidación definitiva do ano 2022, por unha contía de 4.785,1 millóns, da que o Concello de Vigo foi receptor de 19.603.372,12 euros, e a anunciada do ano 2023 que se ingresará no 2025, que ascenderá a 2.042 millóns de Euros, que segundo os cálculos feitos segundo o reparto da liquidación do ano 2022, ao Concello de Vigo lle corresponde 8,4 millóns.

A cesión por IRPF, IVE, II.EE e FCF, van a actualizarse segundo a regularización do ano 2024:

2024

	IRPF	IVA	Alcohol	Prd.intermed.	cerveza	Tabaco	Hidrocarburos	FCF	Total
actualizada/año	9.033.448,71	5.830.382,05	49.727,79	2.091,37	29.244,24	434.051,15	1.010.034,29	86.337.217,40	102.726.197,00

2025

				2025	13,10 %				
	IRPF	IVA	Alcohol	Prd.intermed.	cerveza	Tabaco	Hidrocarburos	FCF	Total
Ingresos a conta	10.216.830,49	6.594.162,10	56.242,13	2.365,34	33.075,24	490.911,85	1.142.348,78	97.647.392,88	116.183.328,81
Liquidación 2023									8.367.490,00

Así mesmo, faise unha previsión de ingreso pola contía da bonificación do Transporte Urbano que regula a Lei 11/2022 e a Lei 8/2023, que prorrogaron a bonificación até o 31 de decembro do 2024, que o Concello adianta e paga con cargo ao seu orzamento e liquidará o Ministerio con posterioridade. A contía reflicte unha estimación referida ao último trimestre do ano 2024.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior coa previsión de liquidación. O fondo de cooperación local, está a manter a mesma contía dende hai 10 anos.

Non se cuantifica importe algún en relación coa achega que poida facer a Xunta de Galicia no Fondo adicional de Cooperación Local para sufragar unha parte do incremento do custe de tratamento dos residuos urbanos tratados por SOGAMA, por non terse comunicado compromiso algún sobre este cofinanciamento.

As contías e porcentaxes, figuran no informe económico de ingresos.

Como recursos non financeiros de capital, están: a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid, b) Os Convenios da Deputación de Pontevedra en relación a distintas infraestruturas que figuran no plan de investimentos e a Grada de Gol, c) a achega da Xunta de Galicia por FMRR PSTD e, d) a axuda para o edificio de vivendas sociais na XMU.

Achegas non condicionadas da Administración Central e Autonómica

Concepto	Admt. CENTRAL	XUNTA
10000 Cesión IRPF	10.216.830,49	
21000 Cesión IVE	6.594.162,10	
220 Cesión II.EE	1.724.943,34	
42000 F.C.Financiamento	97.647.392,88	
42011 Liqui. Definitiva 2023	8.366.000,00	
45000 F.Coop. Local		6.479.801,46
Total	124.549.328,81	6.479.801,46



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

*Achegas **condicionadas** que coofinancian gasto corrente.*

C Orzament.	Aplicación gasto	Finalidade	Importe
42090	4411.4700001	Subvención ao Transporte Urbano Colectivo, MITMA	1.592.079,82
42091	4411.4700001	Bonificación 30%, 2º semestre 2024, MITMA	500.000,00
45002	2310.2279901	Lei de Dependencia, SAF, XUNTA, financia 12,5 euros/hora	7.875.000,00
45003	3112.2279904	Programa Drogodependencia, CEDRO, XUNTA	541.039,00
45030	3230.2279904,5,6,7,8,12,13,14,15	Subvención EIM, incluída a de Sta. Marta, XUNTA	572.914,00
45061	Proxecto 18151016	Redacción Plan Xeral de Ordenación Municipal, XUNTA	205.700,00
75030	2270603, proxecto 25432050	Plan de residuos diferenciado PSTS; BOUZAS, FMRR	197.000,00
75030	2279910, proxecto 25432050	Transición dixital, declaración interés turístico,PSTS; BOUZAS, FMRR	215.600,00
Total			11.699.332,82

*Achegas **finalistas** que financian o plan de investimentos*

Concepto	Proxecto	SUBVENCIONES DE CAPITAL	2025
72091	23153291	Humanización Avd. De Madrid, MITMA	6.100.000,00
75030	24432050	PSTD Bouzas, FMRR, xestión Xunta de Galicia*	649.400,00
75000	24151010	Edificio Esturáns alugueiro social, Xunta de Galicia	974.145,24
76123	25153208	Humaz. S. Roque entre G. Espino e Ruiseñor, Deputación	1.569.494,74
76126	25153913	Vigo Vertical, P. Colmeiro Cunqueiro- Tarragona, Deputación	1.918.713,53
76127	25153912	Vigo Vertical J. Benavente Torrecedeira, Deputación	759.325,29
76110	14933010	Grada Gol Balaidos, Deputación	6.576.154,55
Total			18.547.233,35 *

As previsións do capítulo 1 do estado de ingresos consolidados son de 123.381.301,49 euros.

A variación deste capítulo en relación co ano 2024 é do 5,09%, asociada ás entregas a conta do IRPF e os impostos directos: IBI, IBICES, IVTM, IIVTNU e IAE.

O capítulo 2 o conforma o IVE, os II.EE e o ICIO.

Os impostos indirectos conteñen unha previsión de 11.620.105,44euros, cunha variación do 6,38% en relación co ano 2024, coa xustifica o informe económico do estado de ingresos.

O Capítulo 3 o conforman as Taxas e Prezos Públicos, ten unha previsión de 48.136.640,02 euros nos estados consolidados, cunha variación co ano anterior do 8,26%, estando incluída a variación da OF polo incremento no custe do tratamento de residuos en SOGAMA.

O capítulo 4, o conforman as transferencias e subvencións recibidas. O Importe de este capítulo é de 123.855.970,81 euros, supón unha variación do (0,17%) respecto das previsións

aprobadas no orzamento de ingresos de 2024, a liquidación pola participación nos ingresos do Estado do ano 2022 foi maior que a prevista para o ano 2023.

As contías de cada administración quedan reflectidas nas táboas precedentes. Os axentes de este capítulo tanto por achegas finalistas como non finalistas, son:

A Administración do Estado con: 108.105.472,7 euros, o 1,9% son subvencións finalistas.

A Administración Autonómica con: 15.674.454,46 euros, o 58,66% on subvencións finalistas.

En relación co Capítulo 7, as achegas correspóndense co: a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid, b) o Convenio da Deputación de Pontevedra en relación a distintas infraestruturas que figuran no plan de investimentos, c) o Convenio coa Deputación de Pontevedra para a construción da Grada de Gol, d) a achega da Xunta de Galicia por FMRR PSTD e e) a axuda para o edificio de vivendas sociais na XMU, cuxa desagregación por contías e empregos, relaciónase no informe económico de gastos e no informe de financiamento afectado, así como na táboa sobre achegas finalistas para o financiamento de empregos de capital.

En canto aos pasivos financeiros, este é o décimo ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios e convenios con outras administracións ou axudas de convocatorias públicas doutros axentes públicos.

En relación ao estado de gastos

A dotación prevista para o capítulo 1 no Proxecto de Orzamentos do ano 2025, experimenta unha variación respecto da do ano 2024 do 2,98% en termos consolidados, sendo a causa, unha previsión na actualización retributiva do 2% fixa máis o 0,5% que se devenga pola Resolución de 4 de outubro de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, para o suposto de que o IAPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas salariais acumuladas nese período, así como, pola creación de 19 novas prazas (No SPEIS, 2 prazas de sarxento, 2 de cabo, 1 suboficial, 4 bombeiros, 2 condutores bombeiros, 4 Diplomados en traballo Social en Benestar Social, 1 Diplomado en traballo Social en Igualdade, 1 Técnico de Sistemas para Administración electrónica compartido co Servizo de Contabilidade, 1 Técnico de Administración xeral, rama económica no Servizo de Recadación, 1 auxiliar administrativo para Asesoría Xurídica) e amortización de unha praza de oficial almaceneiro e un auxiliar administrativo.

Incorpóranse a este capítulo, os acordos adoptados no transcurso do ano 2024, así como os adoptados na Mesa de negociación en relación coa creación das novas prazas.

O capítulo 2, ascende a 164.885.664,78 euros, supón unha variación do 3,77% sobre orzamento do ano 2024, está xustificada no informe económico de gastos, as variacións máis importantes son:

Contrato de retirada e custodia de vehículos, incremento 620.482 euros,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

Contrato de marcas e vías, incremento 150.000 euros,
Conservación rede semafórica, incremento 100.000 euros,
Redacción de proxectos da área de Fomento, incremento 206.000 euros,
Xestión valoración integral de residuos, incremento de 3.833.064 euros,
Vertido e tratamento do lixo en SOGAMA, incremento 2.414.455 euros,
Limpezas e desbroces non previstos no contrato, incremento 150.000 euros,
Contrato de mantemento de túneles, incremento 492.313 euros,
Vixilancia e socorrismo en praias, incremento de 125.000 euros,
Servizo de asistencia en CEDRO, incremento de 162.725 euros,
Programa aulas internacionais, incremento 300.000 euros,
Programa de exposicións, incremento 110.000 euros,
Campamentos de verán, incremento 142.000 euros,
Mantemento instalacións deportivas, incremento de 150.000 euros,
Seguros de responsabilidade civil, incremento de 192.000 euros,
Limpeza de instalacións municipais, incremento de 200.000 euros,
Conservación de dependencias municipais, incremento de 241.000 euros,
Mantemento e actualizacións de aplicativos informáticos, incremento 200.000 euros.

Como axustes negativos, o máis salientable, é o menor custe no subministro eléctrico, diminución de 3.667.407 euros.

En resumo, o detalle das variacións teñen explicación no informe económico financeiro.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2025, que está integrado polo da propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e como anexo os das Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, MARCO e C. Bureau, visto que o expediente está completo, axustándose a súa formación ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran dan cobertura a todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 20 e 28 de xuño de 2023, proponse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2025, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Resume por capítulos de ingresos e gastos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Comparativo por Áreas de Gastos.

Comparativo por Políticas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.

Clasificación por programas de gastos e partidas .

Clasificación económica de ingresos por subconceptos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo co mesmo nivel de detalle que o expresado para o Concello e para os estados consolidados, cuxo documento está incorporado a este expediente.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2025 E COMPARATIVA CO ANO 2024, ENTIDADE

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	76.830.624,27	79.176.245,70	3,05%	117.410.785,66	123.381.301,49	5,09%
2	157.201.477,42	162.779.405,69	3,55%	10.922.786,87	11.620.105,44	6,38%
3	50.530,00	50.530,00	0,00%	42.799.307,02	46.054.040,02	7,60%
4	39.058.535,66	40.981.350,46	4,92%	123.856.742,57	123.650.270,81	-0,17%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	5.404.000,00	5.404.000,00	0,00%
Operaci. Corr.N.F	273.741.167,35	283.587.531,85	5,30%	300.393.622,12	310.109.717,76	10,88%
6	36.049.858,26	43.379.030,02	20,33%	,00	,00	0,00%
7	939.850,05	1.129.444,00	20,17%	10.337.253,54	17.986.288,11	73,99%
Operaci. Cap.N.F	36.989.708,31	44.508.474,02	29,65%	10.337.253,54	17.986.288,11	73,99%
8	500.000,00	500.000,00	0,00%	500.000,00	500.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%	311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2024-2025

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	83.251.407,76	85.731.286,61	2,98%	117.410.785,66	123.381.301,49	5,09%
2	158.891.437,55	164.885.664,78	3,77%	10.922.786,87	11.620.105,44	6,38%
3	50.530,00	50.530,00	0,00%	44.464.687,87	48.136.640,02	8,26%
4	33.053.672,66	34.826.350,46	5,36%	124.062.442,57	123.855.970,81	-0,17%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	5.809.000,00	5.809.000,00	0,00%
Operaci. Corr.N.F	275.847.047,97	286.093.831,85	5,36%	302.669.702,97	312.803.017,76	10,78%
6	37.429.215,13	44.644.462,86	19,28%	,00	,00	0,00%
7	2.828.046,62	3.345.680,80	18,30%	11.299.518,96	18.960.433,35	67,80%
Operaci. Cap. N.F	40.257.261,75	47.990.143,66	19,21%	11.299.518,96	18.960.433,35	67,80%
8	532.000,00	532.000,00	0,00%	2.667.087,79	2.852.524,40	6,95%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
Total	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2024-2025, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2024	2025		2024	2025	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	159.052.481,38	159.017.834,74	-0,02%	164.457.915,44	165.037.804,38	0,35%
2	Actuación de protección e promoción social	29.692.222,21	30.150.144,98	1,54%	29.692.222,21	30.294.278,94	2,03%
3	Producción B. públicos carácter preferente	55.749.069,20	58.236.431,11	4,46%	55.749.069,20	58.236.431,11	4,46%
4	Actuacións de carácter económico	24.669.082,76	25.063.974,93	1,60%	24.669.082,76	25.063.974,93	1,60%
9	Actuacións de carácter Xeral	42.068.020,11	56.127.620,11	33,42%	42.068.020,11	55.983.486,15	33,08%
Total		311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2025-2024

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	6.420.783,49	6.555.040,91	2,09 %			
2	1.689.960,13	2.106.259,09	24,63%			
3				1.665.380,85	2.082.600,00	25,05%
4	,00	,00	0,00%	6.210.563,00	6.360.700,00	2,42%
5				405.000,00	405.000,00	0,00%
Op. Corr. NF	8.110.743,62	8.661.300,00	6,79%	8.280.943,85	8.848.300,00	6,85%
6	1.379.356,87	1.265.432,84	-8,26%	,00	,00	0,00%
7	1.888.196,57	2.216.236,80	17,37%	962.265,42	974.145,24	1,23%
Op. Cap. NF	3.267.553,44	3.481.669,64	6,55%	962.265,42	974.145,24	1,23%
T. Op. N.F	11.378.297,06	12.142.969,64	0,00%	9.243.209,27	9.822.445,24	4,39%
8	32.000,00	32.000,00	0,00%	2.167.087,79	2.352.524,40	8,56%
Total	11.410.297,06	12.174.969,64	6,70%	11.410.297,06	12.174.969,64	6,70%

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN DO GRUPO CONCELLO DE VIGO

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos				Recursos		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	354.062,00	362.913,00	2,50%	Ingresos actividade	5.000,00	2.500,00	-50,00%
Cons. eléctrico	155.242,00	120.000,00	-22,70%	Subv. doazóns	975.000,00	900.000,00	-7,69%
Exposicións	145.631,00	76.337,00	-47,58%	Achegas usuarios	12.000,00	13.000,00	8,33%
Compra de obra	,00	,00	0,00%	Cursos	25.000,00	25.000,00	0,00%
Outros g. Activida.	364.815,00	408.000,00	11,84%	Patrocinio Caixa	10.000,00	25.000,00	150,00%
G. Financeiros	1.250,00	1.250,00	0,00%	Alugueiros	20.000,00	29.000,00	45,00%
Amortiza. Inmv.	26.000,00	26.000,00	0,00%	Agrupación amiga			
Total	1.047.000,00	994.500,00	-5,01%		1.047.000,00	994.500,00	-5,01%



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1766/1102

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	
G. Persoal	196.559,32	209.108,93	6,38%				
Cons. e gast. xestión	43.500,00	35.900,00	-17,47%	Subv. doazóns	212.000,00	225.000,00	6,10%
Publ.mat. Promoc.	6.000,00	6.000,00	0,00%	Achegas socios	15.250,00	15.810,75	0,96%
Acc. promoción	250.575,68	259.186,82	3,44%	Out. ingresos	275.000,00	275.000,00	0,00%
P. outros entes	5.615,00	5.615,00	0,00%				
Operac. N.F	502.250,00	515.810,75	2,70%	0	502.250,00	515.810,75	2,70%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2025-2028, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Dase conta do informe da Intervención Xeral sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (sector administracións públicas e sector sociedades non financeiras (art. 16.2 RD 1463/2007).

SÉTIMO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

OITAVO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2025, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas que lle son de aplicación, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada da Área de Orzamentos e Facenda.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez